Inseguridade no coñecemento. Dispersión das ideas e escasa ou nula relación co contexto. Non aprecia ou aprecia parcialmente as aportacións culturais. Conciencia histórica fragmentada e pouco consciente.	Coñece as aportacións culturais con algunhas imprecisións. Chega a establecer e comprender a influencia das ideas con axuda. Valoración escasa das aportacións culturais. Necesita colaboración externa. Conciencia histórica elemental.	Recoñece os aspectos máis relevantes. Comprende a influencia dos aspectos da cultura tratados. Interese, respecto e valoración crítica do legado cultural. Conciencia histórica das ideas tratadas.	Coñece con precisión as aportacións culturais. Comprende e establece relacións significativas entre as aportacións culturais e o contexto. Interese e valoración profunda e crítica das ideas. Conciencia histórica dos aspectos culturais tratados e as súas influencias.

3-CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE, DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.(VALORES- ÉTICOS 4º ESO)

Bloque 1. A dignidade da persoa.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa	1ª AV	Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas

natureza.		en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.	a preguntas directas.
VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.	1ª AV	Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	1ª AV	Relaciona algúns dos termos esenciais presentes na DUDH.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.	1ª AV	Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.	1ª AV	Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ó determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB2.1.3. Elabora unha presentación con	1ª AV	Elabora unha presentación cós contidos máis	Traballo regular dos alumnos na

soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.		representativos do tema.	aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	1ª AV	Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	1ª AV	Recoñece a importancia de soste valores éticos universais ante o fenómeno da socialización global.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.	1ª AV	Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.	1ª AV	Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

Bloque 3. A reflexión ética.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da	1ª AV	Xustifica racionalmente e estima a	Traballo regular dos alumnos

reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.		importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos.	na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	1ª AV	Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	1ª AV	Elabora un plan de vida persoal tendo en conta os valores éticos que deben guialo e valorando as circunstancias sociais, laborais...	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.	2ª AV	Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	2ª AV	Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas

			directas.
VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	2ª AV	Recoñece a importancia, na ética kantiana, da autonomía da persoa como valor ético esencial.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.	2ª AV	Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	2ª AV	Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

Bloque 4. A xustiza e a política.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e	2ª AV	Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).		tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	
VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	2ª AV	Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	2ª AV	VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

Bloque 5. Os valores éticos, O dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre os dereitos humanos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE
---------------------------	-----------------	----------------------------	-----------------

			AVALIACIÓN
VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.		Comprende a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	2ª AV	Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.2.1.Pode definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	2ª AV	Pode definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	2ª AV	Reflexiona sobre a teoría de Rawls e contrasta as súas ideas.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.	2ª AV	Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo,

			respostas a preguntas directas.
VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	2ª AV	Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.	3ªAV	Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	3ªAV	Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	3ªAV	Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).	3ªAV	Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).	3ªAV	Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.	3ªAV	Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	3ªAV	Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
---	------	---	--

Bloque 6.Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	3ªAV	Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.
VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	3ªAV	Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	Traballo regular dos alumnos na aula: actividades escritas, exposicións, diálogo, respostas a preguntas directas.

4-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIREN AS MATERIAS

O Decreto incorpora as competencias clave das que se di ser recoñecidas polo Parlamento europeo como fundamentais para a aprendizaxe permanente. Recoñécese que as competencias son “as que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Enténdese que as sete competencias das que xa temos falado en outros apartados, deben ser consideradas e impulsadas desde todas as materias de ensino de dada etapa educativa. Cada etapa recoñecerá un nivel de desenvolvemento de cada competencia porque a capacitación é un proceso no que imos acadando un maior nivel de comprensión e de praxis da competencia.

O docente ha de facilitar ós alumnos e favorecer, por medio das actividades e da explicación que poñan en relación os coñecementos adquiridos e poñer en práctica a comprensión interdisciplinar fronte á mera acumulación de contidos.

En toda materia compréndese como necesario o estudo dos seus problemas desde a interdisciplinariedade, nunhas materias máis que noutras e dependendo tamén do nivel.. Acumular contidos non ten moito valor se non se entretecen con outros contidos nunha unidade de sentido. Esta comprensión ha de poder servir para resolver algún tipo de cuestión práctica ou teórica que o alumno se plantexe.

Toda a práctica docente, desde a explicación ás preguntas directas dirixidas ós alumnos, ata a realización de tarefas orais e escritas han de permitir e recoñecer algún tipo de expresión avaliable das competencias como xa se indicou en cada un dos apartados (apartado dous) de cada materia. Todo isto independentemente da realización doutras probas obxetivas avaliadoras.

5- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR

Información proporcionada polo profesor na aula (explicación e información escrita, textos, actividades...tendientes a acadar os estándares da propia da materia e o desenvolvemento das competencias básicas, en relación cós contidos, metodoloxía, criterios de avaliación e resultados de aprendizaxe avaliáveis). Emprego das TIC para a presentación de traballos, busca de información...)

Viciana Hernando, F. e outros, HISTORIA DA FILOSOFÍA, Santillana, Santiago de Compostela, 2016.

Cortina Orts, A. e outros, FILOSOFÍA, Santillana, Santiago de Compostela ,2016.

X. Martí Orriols/ C. Prestel Alfonso. VALORES ÉTICOS (1º, 2º, 3º, e 4º ESO), Vicens-Vives, 2015 e 2016.

6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación trimestral (contínua) e a final realizarase por medio dos instrumentos de avaliación expostos no apartado 3 de cada materia.

Como é lóxico, a comprobación do grado de adquisición de competencias e contidos, valorarase tomando como referencia os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación establecidos na presente lei para cada materia.

A avaliación non servirá unicamente para medir os resultados. Terá un carácter formativo en canto que constitúe un instrumento de mellora do proceso de ensino aprendizaxe.

No caso de que o progreso do alumno non fose o adecuado, estableceranse medidas de reforzo e recuperación.

A nota final resultará da nota media das tres avaliacións.

Si o alumno non acada unha valoración positiva despois da realización da media dos trimestres, realizarase un exame final sobre aqueles contidos do trimestre que non logrou superar. (Probas extraordinarias de xuño e setembro).

En cada trimestre realizaranse probas de recuperación para aqueles alumnos que non acadaran suficiente.

Os instrumentos de avaliación establecidos no apartado tres para Historia da Filosofía valorarase da seguinte maneira:

70% para a proba escrita trimestral. Realización do traballo regular que se comprobará e se irá anotando en listas de control igual que preguntas e participación activa na aula (15%).

O 15% restante da nota avaliarase mediante probas escritas de respostas breves que asegurarán que os alumnos non só realizan o traballo senón que tamén o repasan. Desta maneira tratamos de evitar que se concentre todo o estudo da materia na proba trimestral.

Para Filosofía de 1º bacharelato e antropoloxía de 1º bacharelato, igualmente haberá unha proba trimestral que significará un 70% da nota e o traballo regular máis os traballos propostos en cada trimestre terán un valor do 30% da nota. En Filosofía o control do traballo escrito e a participación na aula representará un 10% da nota. O control dunha lectura trimestral valorarase nun máximo de 15% e a realización dun glosario 5%. En Antropoloxía, a valoración farase como en Historia da filosofía.

A análise do grao de consecución das competencias realizarase por medio das rúbricas establecidas para cada competencia. As diferentes actividades propostas ós alumnos, incluídas as probas escritas, constitúen o material que se terá en conta para valorar o grao de consecución. É por eso que non cabe esperar unha gran disparidade entre a nota obtida no trimestre e o grao de consecución das competencias.

RÚBRICA PARA VALORAR O COMENTARIO DE TEXTOS DE HISTORIA DA FILOSOFÍA

	NIVEL 4	NIVEL 3	NIVEL 2	NIVEL1
Presentación breve do autor do texto. (0.25 p)	Presentación breve e adecuada do autor (época, relevancia na historia do pensamento ou aportacións destacadas. Sinalar algunhas obras relevante e a situación do texto na obra).	Recoñécese o autor e época e algunha obra.	Recoñécese o autor e época.	Non se fai ningunha referencia ó autor.
Tema do texto (0.25 p)	Identifícase o tema e ofrécese unha correcta xustificación en coherencia có texto.	Recoñécese o tema e dase unha xustificación suficiente.	Recoñécese o tema. Non se explica adecuadamente a súa relación có texto.	Non hai identificación clara do tema. Ningunha explicación adecuada ó texto.
Análise do texto (comprensión conceptual e estrutura do argumento). (1.00 p)	Demóstrase unha correcta comprensión dos conceptos clave do texto (definición e uso). Exposición clara do argumento. Recoñécese as ideas relevantes e as partes do texto.	Compréndense algúns conceptos fundamentais e intégranse na exposición do argumento facendo referencia ás partes do texto. Expóñense as ideas fundamentais.	Recoñécense algún concepto e relaciónanse con algunhas ideas do texto.	Non se recoñece ningún concepto ou recoñécense poucos. Comprensión vaga ou nula das ideas do texto.
Comprensión do texto desde a filosofía do autor	Exposición clara dos contidos. Tratamento dos contidos acorde có tema e ideas do texto (relaciónanse có tema e ideas do texto). Tratamento claro de todos os contidos que abrangue o tema.	Trátanse algún contidos relevantes e establécense relacións có texto. Expóñense os contidos con claridade.	Comentario precario do texto. Fundamentalmente parafráséase e non se ofrece unha correcta definición dos conceptos, dándose por comprendidos e explicados. Tratamento dalgúns contidos relacionados có tema.	Non se tratan os contidos ou trátanse de forma inadecuada. Non se establecen relacións entre contidos e texto.

Contextualización do tema e ideas.	Establécense relación xustificadas do tema do texto con outras ideas de escolas e autores (Influencias, herdanzas, legados). Sinala con claridade as diferenzas e semellanzas no tratamento dos problemas.	Relaciónase o tema do texto con algunha ideas de outros autores e xustifícase adecuadamente. Sinala algunha diferenza e semellanza no tratamento dos problemas nos distintos autores.	Ofrece algunha relación con outros autores. Non se explica adecuadamente a diferenza e semellanza de enfoque.	Non se realiza ningún tipo de contextualización ou simplemente se menciona a relación entre os autores, pero non se da ningún tipo de explicación.
------------------------------------	---	--	--	--

En toda valoración dos escritos dos alumnos compréndese a corrección formal e ortográfica.

RÚBRICA PARA CORRECCIÓN DO DICCIONARIO/GLOSARIO DE TERMOS FILOSÓFICO - 1º BACHARELATO

	nivel 4 9-10	nivel 3 7-8	nivel 2 5-6	nivel 1 0-4
Número de conceptos(30%)	Explica todos os conceptos de forma adecuada	Explica ata o 80% dos conceptos de forma adecuada	Explica ata o 60% dos conceptos de forma adecuada	Non presenta o glosario ou contén erros superiores ó 50% nos conceptos.
Presentación(20%)	Atractiva, clara e ben organizada	con algunha deficiencia ou carencia	Correcta pero pouco atractiva, pouco clara ou pouco organizada	Non presenta o glosario ou contén erros moi relevantes en canto a claridade e organización.
Contido(50%)	Todos os conceptos están ben definidos, as explicacións son orixinais e están ben traballadas.	Ata o 80% das definicións son correctas e están ben traballadas e son orixinais.	Ata o 60% das definicións son correctas, pero/ou hai moitas copiadas ou pouco traballadas	Non entrega ou contén erros superiores ó 50% dos conceptos.

RÚBRICA DE ANÁLISE E COMENTARIO DE TEXTO- 1º BACHARELATO

	Nivel 4 9-10	Nivel 3 7-8	Nivel 2 5-6	Nivel 1 0-4
Temática filosófica 5%	Identifica a temática filosófica, xustifícaa de forma coherente e adecuada conforme ó texto e sitúaa adecuadamente na reflexión filosófica.	Identifica a temática filosófica aportando razóns suficientes para xustificalo	Identifícase a temática filosófica con razóns obvias ou pouco xustificadas	Non se identifica a temática ou non se dan razóns de ningún tipo
Tema, problema/s e tese ou idea principal 17'5%	Identifica o tema do texto, expón a pregunta ou preguntas ás que responde o texto e a resposta do autor en forma de tese ou idea principal	Identifícanse e expóñense 2 das 3, incluído o tema.	Identifícase o tema	Non se identifican ou expoñen ningunha das tres
Vocabulario filosófico 10%	Identifica o vocabulario filosófico xeral e específico, comprende o significado e úsao no exercicio de forma adecuada	Identifica gran parte do vocabulario e con algunha excepción comprénde e úsao no seu exercicio.	Identifica algúns conceptos ou comprende algúns deles e úsaos no seu exercicio	Non se identifican, comprenden ou usan.
Tipo de texto: expositivo/argumental 5%	Identifica o tipo de texto e dá razóns adecuadas para xustificalo.	Identifícase o tipo de texto, pero as razóns para xustificalo son moi vagas ou xerais.	Identifícase o tipo de texto pero non se dan razóns.	Non identifica o tipo de texto.
Estrutura do texto 10%	Realiza unha análise da estrutura do texto expoñendo as ideas /argumentos/partes, de forma adecuada e coherente	Realiza unha análise da estrutura baseado nos parágrafos e liñas identificando o seu contido.	Realízase unha análise da estrutura deficiente e sen ser capaz de sinalar o contido dos parágrafos ou facéndoo de forma inadecuada.	Non realiza análise da estrutura
Valoración crítica e desenvolvemento do tema 45%	Exponse a problemática sobre o traballado en clase, sabe relacionarse co tema, problema e tese do texto	Expóñense gran parte dos aspectos da problemática sobre o tema, sábese relacionar con algúns	Exponse algún aspecto da problemática pero sen relacionalo co texto. Parafraséase o texto sen	Non realiza valoración nin desenvolve o tema.

	comparándoo con outros enfoques e respostas estudadas.	aspectos do texto e compárase con algún outro enfoque.	profundar na súa explicación.	
Presentación e ortografía: uso de maiúsculas, acentuación e puntuación... 7'5%	Deixa marxes e encádrao no folio, é lexible, separación ó comezo de parágrafo. Sen faltas de ortografía.	Deixa marxes e encádrao no folio, é lexible, separación ó comezo de parágrafo. 1 ou 2 erros ortográficos	Deixa marxes e encádrao no folio, é lexible, separación ó comezo de parágrafo. 3 ou 4 erros ortográficos.	Mala presentación. 5 ou máis erros ortográficos

RÚBRICA PARA A CORRECCIÓN DE MAPAS CONCEPTUAIS- 1º BACHARELATO

	NIVEL 4 9-10	NIVEL 3 7-8	NIVEL 2 5-6	NIVEL 1 0-4
Conceptos relevantes e relacións entre conceptos (50%)	Identifica todos os conceptos e amosa dominio excelente ó establecer as relacións.	Identifica gran parte dos conceptos importantes ou realiza algunha conexión errada ou irrelevante.	Poucos conceptos ou moitas conexións erradas.	Non o fai ou presenta moitos erros tanto nos conceptos como nas conexións.
Estrutura (50%)	Constrúe mapas conceptuais completos: coloca os conceptos en xerarquías e conexións adecuadas, elaborando mapas conceptuais significativos e facilmente interpretables.	Coloca a maioría dos conceptos en xerarquías e conexións adecuadas. Mapa conceptual facilmente interpretable.	Erros na xerarquía e conexións. Mapa conceptual simple, incompleto ou difícil de interpretar.	Non realiza o mapa conceptual. Non establece xerarquías e conexións adecuadas.

RÚBRICA PARA A CORRECCIÓN DE DISERTACIÓN FILOSÓFICAS (ORAIS E ESCRITAS)- 1º BACHARELATO

	NIVEL 4 9-10	NIVEL 3 7-8	NIVEL 2 5-6	NIVEL 1 0-4
Investigación persoal do problema(25%)	Excelencia. Destaca na comprensión e na investigación.	Moi bo ou bo. Algún erro na comprensión ou necesidade de investigar máis.	Suficiente. Erros na comprensión pero con investigación; comprensión	Non o fai. Non hai comprensión e non hai investigación persoal.

			pero pouca investigación.	
información manexada(25%)	Pertinente e acertada	Contén algún erro ou imprecisión.	Contén erros e imprecisións.	Pouca ou nula información. Moitos erros e imprecisións.
argumentación do problema(25%)	Clara e boa: saca conclusións, realiza inferencias, asocia ideas, utiliza exemplos... Utiliza estratexias argumentais adecuadas.	Algún erro ou uso incorrecto das ferramentas mencionadas con anterioridade.	Contén erros, é moi simple, utiliza poucas ferramentas ou instrumentos argumentais.	Non existe, é errada ou pouco clara.
tese persoal e argumentación(25%)	Expón e defende a súa opinión, pon de manifesto tanto argumentos a favor como en contra da súa tese persoal.	Expón e defende a súa opinión, cita argumentos favorables á súa tese persoal pero non en contra(ou son débiles).	.Non presenta a súa opinión persoal ou faino pero con pouco énfase nas posicións contrarias.	Non o fai, non amosa a súa opinión persoal, pon pouco énfase nas posicións contrapostas

RÚBRICA PARA A CORRECCIÓN DOS CADERNOS DE CLASE DOS GRUPOS DE VALORES ÉTICOS.

	nivel 4 9-10	nivel 3 7-8	nivel 2 5-6	nivel 1 0-4
Presentación (ata 30 %)	Presentación excelente do caderno, figurando nel: - Nome, apelidos, curso e grupo, así como a materia identificada na portada. - Separación clara de cada un dos temas e apartados. - indicación da páxina correspondente do libro de cada actividade e exercicio. - Copia dos enunciados	Presentación boa pero con algunha carencia irrelevante. Algunha incorrección ortográfica.	Presentación adecuada pero con carencias relevantes. Bastantes incorreccións ortográficas.	Mala presentación. Moitas incorreccións ortográficas.

	<p>completa ou resume suficiente indicando en que consiste o exercicio ou actividade.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Marxes adecuadas - Perfecta corrección ortografía 			
Contido (ata 50%)	<p>No caderno aparecen todas as actividades e exercicios realizados en clase. Aparecen no caderno o material ou os apuntamentos expostos ou entregados en clase de forma completa e sen erros.</p>	<p>Resolución boa dos exercicios e actividades pero con erros ou carencias de ata o 20 %.</p>	<p>Resolución adecuada dos exercicios e actividades pero con erros ou carencias de ata o 40%.</p>	<p>Non realización dos exercicios igual ou superior ó 50%.</p>
Auto-corrección (ata 20%)	<p>Todas as actividades e exercicios están debidamente corrixidos de forma manifesta.</p>	<p>Correccións realizadas correcta e claramente pero con erros ou carencias de ata o 20%.</p>	<p>Correccións realizadas pero con erros ou carencias de ata o 40%.</p>	<p>Inexistencia de correccións , erros ou carencias superiores ó 50%.</p>

7- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Capacidade de abordar o temario: correlación entre tempo e contidos, criterios de avaliación e estándares.

Valoración das actividades propostas: se favorecen a adquisición das competencias clave e se favorecen o logro dos estándares de aprendizaxe.

Valoración da metodoloxía: se é favorecedora da participación activa do alumnado, se esperta interés polo coñecemento e se favorece a aprendizaxe dos

alumnos.

Valoración do número de alumnos que acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade.

Análise conxunta (entre profesor e alumnos) dos logros e as dificultades coa finalidade de introducir cambios na nova programación, se é necesario, e para preparar as probas de recuperación.

Capacidade de dar resposta, por medio de recursos metodolóxicos, avaliación e proposta doutras actividades..., ós problemas de aprendizaxe e de fracaso académico nas diferentes materias deste departamento.

8- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos deberán realizar un traballo escrito durante o primeiro trimestre sobre os contidos dos que van ser avaliados e de acordo có establecido no apartado 3 de cada materia sobre o grao mínimo a acadar nos EA. A xefa de departamento reunirse con eles unha vez por semana, como mínimo, para supervisar o traballo realizado e aclarar as dúbidas.

O traballo escrito representará un máximo do 30% da nota.

Realizárase tamén unha proba (en data que establecerá o Centro) que tratará sobre os contidos incluídos no traballo realizado. Esta proba suporá un máximo do 70% da nota.

Nos comezos do curso, os alumnos con materias pendentes terán unha reunión coa xefa do departamento na que serán informados deste plan de recuperación que aquí queda exposto.

9- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITEN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.

Non é de aplicación.

10- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As diferenzas destacadas nos alumnos, que determinen dificultades concretas de aprendizaxe ou teñan influencia na súa capacidade de aprendizaxe (necesidades educativas especiais, circunstancia no proceso educativo ou persoais) serán tidas en conta para deseñar actividades e explicacións acordes á seu nivel e situación que permitan avanzar no proceso de ensino-aprendizaxe desde a situación na que está o alumno.

As medidas concretas estarán en consonancia coa análise, valoración e propostas do equipo docente do grupo ó que pertence o alumno ou alumnos.

11- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Capacidade de manter cada alumno a correcta atención á materia, ó profesor e ós compañeiros (según o requerible en cada caso).

Capacidade de intervención nas actividades escritas e valoración do grado de competencia lingüística escrita e grao de comprensión.

Capacidade de intervención nas actividades de explicación, atención, intervención, debate... e capacidade de comprensión e expresión oral, así como a corrección na participación nos coloquios.

Relación e interacción cós compañeiros.

De forma xeneral, de non ser o adecuado o comportamento do alumno en algún destes aspectos sinalados, participárase á xunta de avaliación e ó titor do grupo para que se tomen as medidas tendentes a subsanar estes problemas.

12- CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Algúns dos temas transversais relacionados coa convivencia social e cívica como o recoñecemento da igualdade e o trato igualitario, a paz e as consecuencias prácticas na convivencia concreta sabemos que son abordables desde todos os ámbitos e nas situacións de convivencia que se dan nas clases.

As materias que imparte este departamento poden contribuír de maneira específica ó recoñecemento da individualidade, que non é incompatible coa participación no público e a integración na vida social.

Igualmente, todo o referente á mellora na práctica da comunicación oral e escrita será, por suposto, de especial atención.

13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este Departamento non ten previsto organizar ningunha actividade extraescolar que teña directa relación coas materias que se imparten. As actividades realizadas durante o curso académico organizadas polo propio Instituto, relacionadas co apartado de educación en valores (educación para a saúde, educación vial, educación para a igualdade...) así como as relacionadas coa difusión e adquisición de coñecemento cultural, parécenos que son suficientes e importantes, dado que contribúen a reforzar moitos dos contidos que se imparten, e obxectivos que se pretenden nesta asignatura. A colaboración deste departamento nestas actividades seguirase dando. A participación dos alumnos dos diferentes niveis quedará suxeita ós criterios de organización e conveniencia que estableza o propio centro educativo.

14- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN CÓS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Tal como indicamos no apartado sete, realizarase unha valoración da práctica docente no que se refire á metodoloxía, actividades, capacidade temporal de abordar o temario proposto na programación... Os aspectos sinalados no apartado sete serán tomados en consideración no desenvolvemento de cada unidade e deixarase constancia nas actas de reunión de departamento. Despois de cada avaliación, elaborarse un informe de avaliación na que se fará unha valoración trimestral que permita facer modificacións oportunas para o trimestre seguinte ou que se terán en conta para incluír na programación do seguinte curso no referente ós temas do trimestre. Por cada aspecto que se valore, sinalaremos tanto os logros como as deficiencias, así como as propostas de cambio.

Pontevedra, 18 de setembro de 2019

IES Gonzalo Torrente Ballester
Departamento de Filosofía

Asinado:

J.Rubén Gayo Tenorio

M. Rita Gómez Torres